CONCELLO DE RODEIRO

Casa do Concello
Praza da Fonte nº 2
36530 Rodeiro (Pontevedra)
Tels. 986 790 009 // 986 790 185
Fax 986 790 195
www.rodeiro.org // info@rodeiro.org

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 6 DE NOVEMBRO DE 2026

SEÑORES/AS ASISTENTES:

ALCALDE:
Don José Luís Camiñas Vázquez

CONCELLEIROS/AS:
Don Alberte Lamazares Casero
Dona Patricia Hermida Deza

SECRETARIO:
Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a seis de novembro de dous mil vinte e seis, reunidos en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Don José Luís Camiñas Vázquez, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, ao efecto convocada, e sendo as once horas quince minutos deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

1.- ACTA ANTERIOR

Dada conta do borrador da acta da sesión extraordinaria do día 30 de outubro de 2026, foi aprobado por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as presentes.

2.- LICENZA DE OBRAS

- Ganadería Campo S.C.

ANTECEDENTES

1. Dona María Marisa Portomeñe Pérez, con DNI núm. [redacted] na representación que ostenta no presente expediente da sociedade GANADERÍA CAMPO S.C., con CIF núm [redacted]

Casa do Concello
Praza da Fonte nº 2
36530 Rodeiro (Pontevedra)
Tels. 986 790 009 // 986 790 185
Fax 986 790 195
www.rodeiro.org // info@rodeiro.org

e con domicilio social no lugar de Calque, parroquia do Salto de Agoela, solicitou con data 31 de marzo de 2025 (RE-E núm. 233) licenza municipal de obras para REFORMA DE CORTE RECRÍA, LEITERÍA E SALA DE MUXIDO EN EXPLOTACIÓN GANDEIRA, con emprazamento no lugar de Calque, parroquia do Salto de Agoela.

2. A citada sociedade foi constituída en documento privado estendido en data 19 de febreiro de 2024 e está integrada por Don José Salgado Camiñas (DNI núm. [redacted]), Dona Paz García Abelairas (DNI núm. [redacted], Dona Ana Salgado García (DNI núm. [redacted] e Dona Noelia Salgado García (DNI núm. [redacted]. Non consta a súa elevación a documento público.
3. Achégase proxecto técnico (visado colexial núm.[redacted] de data 10/12/25) redactado pola enxeñeira técnica agrícola Dona María Marisa Portomeñe Pérez.
4. O prazo de inicio das novas obras non poderá exceder de seis (6) meses, e o de execución fíxase en catro (4) meses.
5. Constan no expediente os correspondentes informes xurídico e técnico emitido polo arquitecto técnico municipal Don Gerardo Abeledo Iglesias.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

1. A intervención municipal ten o seu fundamento na competencia que lle confire o artigo 25.2 a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), así como os artigos 5 e 8 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais.
2. A actividade solicitada atópase entre as sometidas a licenza municipal previa conforme ao previsto nos artigos 142.2 a) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e artigo 351 do Regulamento da Lei do Solo de Galicia (RLSG).
3. A edificación obxecto das obras sitúase en terreos clasificados como *"solo rústico de protección agropecuaria"* polo PXOM en vigor.

Casa do Concello
Praza da Fonte nº 2
36530 Rodeiro (Pontevedra)
Tels. 986 790 009 // 986 790 185
Fax 986 790 195
www.rodeiro.org // info@rodeiro.org

4. Proxéctanse actuacións de reforma, conservación e reordenación de espazos nunha explotación existente de vacún de leite, consistentes na reforma da nave de recría e na redistribución interior das zonas de sala de espera, muxido e leitería para permitir a implantación de dous robots de muxido. As actuacións proxectadas non supoñen incremento da superficie construída, volume ou altura da edificación existente.
5. A capacidade produtiva da explotación aumenta de 160 UGM a 178,60 UGM.
6. O orzamento de execución material das obras proxectadas ascende á cantidade de CORENTA E SETE MIL CATROCENTOS UN EUROS (47.401,00 €).
7. As obras realizaranse no inmoble situado na parcela coa seguinte referencia catastral: 36047A008000860000PA.
8. Resulta de aplicación a Disposición Transitoria primeira da LSG, na que se establece que ao solo rústico dos municipios con planeamento aprobado definitivamente con anterioridade a entrada en vigor da LSG e adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, aplicaráselles o disposto na LSG para o solo rústico, mantendo, en todo caso, a vixencia das categorías de solo contidas no planeamento respectivo.
9. As construcións e instalacións destinadas ao apoio da gandaría extensiva e intensiva e as granxas correspóndense cun uso admisible en calquera categoría de solo rústico logo da obtención do título habilitante municipal de natureza urbanística segundo o artigo 36.1 da LSG.
10. As obras obxecto da licenza non foron sometidas a declaración de incidencia ambiental ao non supoñer unha modificación substancial da actividade, segundo o informe emitido pola técnica municipal de Medio Ambiente Dona Yolanda Aguiar Jorge con data 24 de setembro de 2026.
11. Seguiuse a tramitación prevista nos artigos 9 e seguintes do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, por remisión do artigo 143.2 LSG.

Casa do Concello
Praza da Fonte nº 2
36530 Rodeiro (Pontevedra)
Tels. 986 790 009 // 986 790 185
Fax 986 790 195
www.rodeiro.org // info@rodeiro.org

12. O carácter regrado da licenza establecido pola doutrina e xurisprudencia determina que o Concello ven obrigado a conceder licenza urbanística se conforme a normativa aplicable é posible levar a cabo a actuación urbanística solicitada.
13. Deberá liquidarse o Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, segundo ordenanza en vigor publicada no BOP núm. 248, do 29 de decembro de 1999, e a Taxa por licenzas urbanísticas, segundo ordenanza en vigor publicada no BOP do día 27 de decembro de 1989.
14. O órgano competente é a Xunta de Goberno Local, por delegación do alcalde (Resolución do 4 de xullo de 2023).

Xa que logo, visto o anterior e de conformidade cos informes técnicos que obran no expediente, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- CONCEDER a GANADERÍA CAMPO S.C. licenza municipal de obras para REFORMA DE CORTE RECRÍA, LEITERÍA E SALA DE MUXIDO EN EXPLOTACIÓN GANDEIRA, con emprazamento no lugar de Calque, parroquia do Salto de Agoela, con estrita suxeición ao proxecto técnico (visado colexial núm. [redacted] de data 10/12/25) redactado pola enxeñeira técnica agrícola Dona María Marisa Portomeñe Pérez, coas condicións especiais seguintes:

a) Esta concesión outórgase salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro e terán que cumprirse as condicións fixadas polos organismos con competencias sectoriais.
b) Os prazos de inicio e execución comezarán a computarse dende a data seguinte ao recibo da notificación do presente acordo. Se as obras non se iniciasen ou se executasen durante os prazos establecido ou ben, se interrompan por tempo superior a seis meses, procederase a declarar a caducidade da licenza, previa audiencia ao interesado. Non obstante, poderá solicitarse prórroga dos referidos prazos previa solicitude expresa formulada polo interesado e condicionada ao cumprimento das condicións establecidas no artigo 145.2 da LSG e artigo 359 do RLSG.

Casa do Concello
Praza da Fonte nº 2
36530 Rodeiro (Pontevedra)
Tels. 986 790 009 // 986 790 185
Fax 986 790 195
www.rodeiro.org // info@rodeiro.org

c) En aplicación do artigo 24.2 da LECEG, e do artigo 364.2 do RLSG, logo de rematar a obra, e con carácter previo ao inicio da actividade ou da apertura do establecemento, deberá entregar a seguinte documentación:

- ✓ Comunicación previa de inicio de actividade.
- ✓ Certificado final de obra asinado por persoa técnica competente e visado polo correspondente colexio profesional.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras pola cantidade de NOVECENTOS CORENTA E OITO EUROS CON DOUS CÉNTIMOS (948,02 €).

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación da Taxa por licenzas urbanísticas pola cantidade de DOUSCENTOS TRINTA E SETE EUROS (237,00 €).

3.- RENUNCIA A TÍTULO HABILITANTE DE CARÁCTER URBANÍSTICO

— UFD Distribución Electricidade S.A.

Infórmase aos/ás Sres./as. concelleiros/as asistentes que, por acordo deste órgano adoptado na sesión celebrada o día 10 de abril de 2024, concedeuse a UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., co CIF núm. [redacted], a eficacia da comunicación previa presentada para a execución de obras de AMPLIACIÓN DE POTENCIA DO CT ÁLCEME (36CBR8) CON APM: 2009/256 E RBTS, no lugar da Latiza, parroquia de Álceme. En data 10/04/24 practicouse a correspondente liquidación do ICIO (1.050,66 €), calculada sobre o presuposto de execución material da obra achegado pola solicitante que ascendía á cantidade de 52.533,02 €. Dita cantidade foi satisfeita en data 15/05/24.

Con datas 23 de setembro e 30 de outubro do corrente (RE-E núm. 624 e 714) Don José Luís Mosquera Souto, na representación que ostenta da sociedade obxecto do título habilitante de carácter urbanístico, desiste expresamente da comunicación previa declarada eficaz, que anteriormente se consigna, dado que as obras finalmente non foron executadas; solicitando ao mesmo tempo a devolución do importe do ICIO satisfeito.

Casa do Concello
Praza da Fonte nº 2
36530 Rodeiro (Pontevedra)
Tels. 986 790 009 // 986 790 185
Fax 986 790 195
www.rodeiro.org // info@rodeiro.org

Xa que logo, debidamente informados/as de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Deixar sen efecto, a petición do seu titular, a eficacia da comunicación previa presentada para a execución de obras de AMPLIACIÓN DE POTENCIA DO CT ÁLCEME (36CBR8) CON APM: 2009/256 E RBTS, no lugar da Latiza, parroquia de Álceme, instada por UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A. e concedida por acordo da Xunta de Goberno Local, adoptado na sesión celebrada o día 10 de abril de 2024, ordenando o arquivo do expediente sen máis trámite.

Segundo.- Anular a liquidación do ICIO, por importe de MIL CINCUENTA EUROS CON SESENTA E SEIS CÉNTIMOS (1.050,66 €), practicada pola Intervención municipal en data 10 de abril de 2024, ao non terse producido o feito impoñible do imposto, e ordenar a súa devolución á solicitante.

4.- ADXUDICACIÓN DA OBRA DE "MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS EN A FEIRA, A PENELA E A EIREXE" – EXPEDIENTE NÚM. PAS-O 1/2026

ANTECEDENTES

1º.- A Mesa de Contratación da obra de *"MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS EN A FEIRA, A PENELA E A EIREXE"*, na reunión celebrada o día 3 de novembro de 2026, realizou por unanimidade proposta de adxudicación da licitación ao favor do único licitador presentado, unha vez admitida e avaliada a súa proposta, en aplicación dos criterios de adxudicación establecidos no prego de cláusulas administrativas particulares, co seguinte resultado:

A/ Criterios avaliables automaticamente (ata 100 puntos)

LICITADOR	CIF	PREZO	PUNTOS	REDUCIÓN PRAZO EXECUCIÓN	PUNTOS	PUNTUACIÓN TOTAL
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS S.L.U.	[redacted]	105.561,85 €	90,00	4 SEMANAS	10,00	100,00

B/ Resume da puntuación por orde decrecente

Casa do Concello
Praza da Fonte nº 2
36530 Rodeiro (Pontevedra)
Tels. 986 790 009 // 986 790 185
Fax 986 790 195
www.rodeiro.org // info@rodeiro.org

LICITADOR	CIF	PUNTUACIÓN TOTAL
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS S.L.U.	[redacted]	100,00

2º.- O licitador proposto Construcciones y Obras Taboada Ramos S.L.U. foi requirido para a presentación da documentación preceptiva establecido na cláusula 18ª do prego (RS núm. 2026-S-RE-361, do 03/11/26).

3º.- Con data 4 de novembro do corrente (RE núm. 2026-E-RE-727), dita sociedade presenta no Concello a seguinte documentación:

- ✓ Designación dunha dirección electrónica habilitada para as notificacións.
- ✓ Garantía definitiva por importe de 4.362,06 €, mediante seguro de caución da entidade HELVETIA CORPORATE INSURANCE & SERVICES DE SEGUROS Y REASEGUROS S.A., estendido con data 04/11/26 (certificado de seguro núm. [redacted]).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- O artigo 150.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público (LCSP) dispón literalmente: *"O órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación (...)"*.

Segundo.- O artigo 151 do mesmo texto legal dispón que a resolución de adxudicación deberá ser motivada e notificarase aos candidatos e licitadores, debendo ser publicada no perfil do contratante no prazo de quince días.

Debidamente informados/as de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes e de conformidade co establecido na cláusula 22ª do prego de cláusulas administrativas particulares, adopta o seguinte:

ACORDO

Primeiro.- Adxudicar o contrato para a execución da obra denominada *"MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS EN A FEIRA, A PENELA E A EIREXE"* a favor do seguinte licitador:

Casa do Concello
Praza da Fonte nº 2
36530 Rodeiro (Pontevedra)
Tels. 986 790 009 // 986 790 185
Fax 986 790 195
www.rodeiro.org // info@rodeiro.org

LICITADOR: CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS S.L.U.

CIF: [redacted]

INSCRICIÓN NO RXC DE GALICIA: [redacted]

INSCRICIÓN NO ROLECE: SI

IMPORTE DA AXDUDICACIÓN SEN IVE: 87.241,20 €

IVE: 18.320,65 €

IMPORTE DA ADXUDICACIÓN CON IVE: Cento cinco mil cincocentos sesenta e un euros con oitenta e cinco céntimos (105.561,85 €)

MOTIVACIÓN DA ADXUDICACIÓN: Única proposición presentada e admitida.

Segundo.- Notificar o presente acordo ao adxudicatario e publicalo non perfil do contratante do Concello.

Terceiro.- A formalización do contrato deberá efectuarse non máis tarde dos quince días hábiles seguintes á notificación do presente acordo ao adxudicatario.

Cuarto.- Designar ao enxeñeiro de camiños, canais e portos Don Román Gómez Fraiz como director facultativo da obra, así como coordinador en materia de seguridade e saúde durante a súa execución.

5.- APROBACIÓN DE CERTIFICACIÓN NÚM. 5 DA OBRA DE "CONSTRUCIÓN DE PISTA DE PÁDEL EXTERIOR E ELEMENTO DE CUBRICIÓN – LOTE 2"

VISTA pola Xunta de Goberno Local a certificación núm. 5 correspondente á obra de *"Construción de pista de pádel exterior e elemento de cubrición – Lote 2"*, por importe de CORENTA E TRES MIL TRESCENTOS OITENTA E CINCO EUROS CON SETENTA E DOUS CÉNTIMOS (43.385,72 €), por unanimidade ACORDAN:

Casa do Concello
Praza da Fonte nº 2
36530 Rodeiro (Pontevedra)
Tels. 986 790 009 // 986 790 185
Fax 986 790 195
www.rodeiro.org // info@rodeiro.org

Primeiro.- Aprobar a certificación da obra asinada polo director da obra Don Juan Carlos Bardelás Lamas.

Segundo.- Recoñecer a obriga da Administración fronte á sociedade adxudicataria da obra NATURE INFRAESTRUTURAS Y SERVICIOS S.L., por un importe de 43.385,72 €, con cargo a correspondente partida do orzamento municipal.

Terceiro.- Aprobar a factura núm. 26/120 (FACe), de data 30/10/26, estendida pola adxudicataria polo importe e concepto da certificación que se aproba.

6.- APROBACIÓN DE CERTIFICACIÓN NÚM. 1 E FINAL, E ACTA DE RECEPCIÓN DA OBRA DE "PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑO MUNICIPAL EN PEDROSO-GURGUEIRO. CONCELLOS DE RODEIRO E AGOLADA"

VISTA pola Xunta de Goberno Local a certificación núm. 1 e final correspondente á obra de *"Pavimentación de camiño municipal en Pedroso-Gurgueiro. Concellos de Rodeiro e Agolada"*, por importe de CINCUENTA E UN MIL SESENTA E CATRO EUROS CON OITENTA E DOUS CÉNTIMOS (51.064,82 €), por unanimidade ACORDAN:

Primeiro.- Aprobar a certificación da obra asinada polo director da obra Don Román Gómez Fraiz.

Segundo.- Recoñecer a obriga da Administración fronte á sociedade adxudicataria da obra CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS S.L.U., por un importe de 51.064,82 €, con cargo a correspondente partida do orzamento municipal.

Terceiro.- Aprobar a factura núm. OB2026-314 (FACe), de data 03/11/26, estendida pola adxudicataria polo importe e concepto da certificación que se aproba

Cuarto.- Vista a Acta de recepción da devandita obra, asinada o día 5 de novembro de 2026, na que se fai constar que "as obras realizadas, agás vicios ocultos, atópanse en bo estado, sendo executadas baixo o seguimento do facultativo encargado da súa dirección, conforme ao recollido no informe

Casa do Concello
Praza da Fonte nº 2
36530 Rodeiro (Pontevedra)
Tels. 986 790 009 // 986 790 185
Fax 986 790 195
www.rodeiro.org // info@rodeiro.org

final de obra", a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, acorda prestarlle a súa aprobación e, xa que logo, recibir a devandita obra, contando a partir desta data o prazo de garantía da obra fixado nun ano no prego de condicións, de conformidade co disposto no artigo 243 da Lei de Contratos do Sector Público (LCSP).

Quinto.- Aprobar o informe final da obra asinado pola dirección facultativa en data 05/11/26.

7.- APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA POLA DIRECCIÓN XERAL DE ADMINISTRACIÓN LOCAL PARA A CREACIÓN E/OU MELLORA DAS INFRAESTRUTURAS, DOTACIÓNS, INSTALACIÓNS E EQUIPAMENTOS VINCULADOS Á PRESTACIÓN DE SERVIZOS MUNICIPAIS

En relación á subvención outorgada pola Dirección Xeral de Administración Local por Resolución de data 16/07/26, por importe de 41.105,13 €, para a execución do investimento denominado *"Pavimentación de camiño municipal en Pedroso-Gurgueiro. Concellos de Rodeiro e Agolada"*, ao abeiro da Orde do 25 de marzo de 2026 da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións para a creación e/ou mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, destinadas a concellos de Galicia para o ano 2026, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida (DOG núm. 61, do 01/04/26), procede a aprobación da conta xustificativa dos gastos.

Debidamente informados/as de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar a conta xustificativa da subvención concedida que a continuación se sinala:

- Subvención concedida: 41.105,13 €
- Gasto realizado:

Casa do Concello
Praza da Fonte nº 2
36530 Rodeiro (Pontevedra)
Tels. 986 790 009 // 986 790 185
Fax 986 790 195
www.rodeiro.org // info@rodeiro.org

PROVEDOR	CIF	NÚM. FACTURA	DATA FACTURA	DATA APROBACIÓN	IMPORTE
CONSULTORÍA Y DISEÑO DE INFRAESTRUCTURAS CIVILES S.L.	[redacted]	2025/60	29/09/2025	30/12/2025	2.241,28 €
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS S.L.U.	[redacted]	OB2026-314	03/11/2026	06/11/2026	51.064,82 €
CONSULTORÍA Y DISEÑO DE INFRAESTRUCTURAS CIVILES S.L.	[redacted]	2026/80	03/11/2026	06/11/2026	3.137,80 €

— Cantidade xustificada: 56.443,90 €

Segundo.- Acreditar o cumprimento axeitado da finalidade para a que foi concedida a subvención e poñer a disposición da Dirección Xeral de Administración Local, de ser necesario, o resto da documentación relativa ao investimento que se atopa en dependencias municipais.

8.- RECOÑECEMENTO DE COMPLEMENTO DE ANTIGÜIDADE A TRABALLADORA LABORAL FIXA DO CONCELLO

VISTA a petición formulada polo traballadora laboral fixa, coa categoría de limpadora, Dona Laura Ulloa Diéguez (RE núm. 1696, do 02/11/26), solicitando o recoñecemento do cuarto trienio de antigüidade.

RESULTANDO que no seu expediente persoal constan acreditados os servizos recoñecidos como traballadora laboral deste Concello, así como os servizos previos recoñecidos polo Concello e o tempo transcorrido dende a súa contratación laboral.

RESULTANDO que a Xunta de Goberno Local, por acordo adoptado na sesión celebrada o día 11 de febreiro de 2025, recoñeceulle o seu dereito a percibir tres trienios de antigüidade.

VISTO o Estatuto Básico do Empregado Público, o Estatuto dos Traballadores e demais disposicións concordantes e complementarias, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

RECOÑECER á traballadora laboral fixa Dona Laura Ulloa Diéguez o seu dereito a percibir o cuarto trienio de antigüidade con data de consolidación

Casa do Concello
Praza da Fonte nº 2
36530 Rodeiro (Pontevedra)
Tels. 986 790 009 // 986 790 185
Fax 986 790 195
www.rodeiro.org // info@rodeiro.org

do día 1 de novembro de 2026 e con efectos económicos do día 1 de decembro de 2026.

9.- CONTRATACIÓN LABORAL PARA SUBSTITUCIÓN DE TRABALLADORA EN SITUACIÓN DE BAIXA LABORAL POR INCAPACIDADE TEMPORAL (IT)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local que Dona Inés Vence Lamas, traballadora laboral fixa do Concello no posto de traballo de mestra do Punto de Atención á Infancia (PAI), atópase en situación de baixa laboral por IT, derivada de enfermidade común, dende o día 5 de novembro do corrente. En consecuencia, existe a necesidade de proceder á contratación urxente dun/dunha novo/a traballador/a que preste o devandito servizo durante dito período, ao obxecto de manter a ratio de persoal na dita instalación municipal e así evitar prexuízos aos/ás usuarios/as da mesma.

O Concello considera que a contratación proposta non contradí a prohibición de contratación de persoal temporal durante o ano 2026, establecida no artigo 20.Cinco da Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023, prorrogado a esta data para o ano 2026, constituíndo a súa provisión un suposto excepcional destinado a cubrir unha necesidade urxente e inaprazable.

O Sr. secretario considera que o posto de traballo debera ser provisto nas condicións legalmente establecidas, atendendo aos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como ao de publicidade. O Sr. alcalde manifesta que, dada a urxencia da contratación, non se considera aconsellable realizar unha convocatoria pública da mesma, pola demora que ocasionaría no inicio da prestación do servizo.

Debidamente informados/as de canto antecede e a proposta da concelleira-delegada de Infancia Dona Patricia Hermida Deza, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Autorizar a contratación, como mestre do Punto de Atención á Infancia (PAI), mediante un contrato temporal por substitución, ao abeiro do disposto no artigo 15 do Estatuto dos Traballadores, do seguinte traballador:

Casa do Concello
Praza da Fonte nº 2
36530 Rodeiro (Pontevedra)
Tels. 986 790 009 // 986 790 185
Fax 986 790 195
www.rodeiro.org // info@rodeiro.org

- ✓ CARLOS LÁZARA OTERO, con DNI núm. [redacted] a tempo completo (37,5 horas/semana), en substitución da traballadora Inés Vence Lamas e polo tempo que dure a súa situación de baixa laboral por IT.

Segundo.- Facultar ao alcalde para que asine cantos documentos sexan necesarios para a efectividade deste acordo.

10.- SOLICITUDES E INSTANCIAS

- Alejandro Sánchez Sobrado

VISTA a instancia presentada por Don ALEJANDRO SÁNCHEZ SOBRADO, con DNI núm. [redacted], veciño do lugar de Rodeiro, parroquia de Rodeiro (RE núm. 1683, do 28/10/26), pola que solicita a cesión de uso do campo de fútbol municipal da Raña para a práctica do fútbol e adestramento.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

1. Autorizar a cesión temporal e parcial (metade do campo) da instalación deportiva municipal sinalada para os fins solicitados os días luns e xoves de cada semana, no horario de 18:00 a 20:00 horas.
2. A autorización enténdense outorgada unicamente para a finalidade solicitada, quedando prohibido calquera outro uso da instalación alleo a dito fin sen a previa autorización expresa do Concello.
3. O Concello non terá responsabilidade algunha pola conservación e custodia do material que os/as participantes na actividade depositen na instalación, que deberá ser recollido diariamente ao remate da actividade, deixando a instalación baleira para outros eventuais usos.
4. Non se poderá realizar ningún tipo de obra ou modificación na instalación cedida sen previa autorización expresa do Concello.
5. A presente autorización enténdese concedida *"a precario"* podendo ser revogada ou suspendida temporalmente en calquera tempo polo Concello se a devandita instalación municipal faise necesarias no futuro para outros usos de carácter público; revogación ou suspensión que, no caso de acordarse, non dará dereito algún de indemnización ao solicitante.

Casa do Concello
Praza da Fonte nº 2
36530 Rodeiro (Pontevedra)
Tels. 986 790 009 // 986 790 185
Fax 986 790 195
www.rodeiro.org // info@rodeiro.org

6. O Concello non se fará responsable polos eventuais danos e prexuízos sufridos polos/as usuarios/as que estean motivados polo desenvolvemento da actividade ou polo mal uso da instalación cedida.
7. Esíxese aos/as usuarios/as a utilización axeitada da instalación cedida temporalmente e o bo uso dos seus elementos, sendo responsable o beneficiario dos eventuais danos producidos na instalación polo uso descoidado ou neglixente desta.
8. A presente autorización extinguirase no seu caso co remate anticipado da actividade, que deberá ser comunicada expresamente ao Concello e, en calquera caso, o día 30 de xuño de 2027. A prórroga de dita data, de ser o caso, deberá ser solicitada expresamente e obxecto dun novo acordo por parte deste órgano.
9. No suposto que, con posterioridade ao presente acordo, outras persoas soliciten e se lle conceda o uso da mesma instalación municipal cedida, esta deberá ser compartida polos/as autorizados/as, nas condicións fixadas entre eles/as de mutuo acordo ou, subsidiariamente, polo Concello.
10. Polo uso autorizado devengarase a correspondente taxa de conformidade coa Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola utilización das instalacións deportivas do Concello de Rodeiro (BOP núm. 201, do 19/10/10).

11.- ORGANIZACIÓN DE ACTIVIDADE CULTURAL COA DENOMINACIÓN "XORNADA MICOLÓXICA"

Á proposta da concelleira-delegada de Cultura, Turismo, Patrimonio, Comercio e Sanidade, e ao obxecto de facilitar aos/ás veciños/as interesados/as un coñecemento axeitado das especies de setas que medran no campo nesta tempada de outono, así como do seu aproveitamento como recurso culinario, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Organizar a actividade cultural denominada *"xornada micolóxica"* o vindeiro día 7 de novembro, ás 10:00 horas, no Centro Cultural Municipal "Manuel Lamazares" de Rodeiro.

Casa do Concello
Praza da Fonte nº 2
36530 Rodeiro (Pontevedra)
Tels. 986 790 009 // 986 790 185
Fax 986 790 195
www.rodeiro.org // info@rodeiro.org

Segundo.- A xornada consistirá primeiro nunha charla formativa, de iniciación, repaso, normativa e consellos para a recollida de cogomelos, e posteriormente nunha saída de campo acompañada dun experto. E para rematar unha degustación gastronómica de elaboracións realizadas a base de cogomelos nun restaurante da localidade.

Terceiro.- Fixar, para a degustación gastronómica, unha cantidade de copagamento de 15,00 € para os participantes maiores de 15 anos; de 5,00 € para os nenos/as de 8 a 15 anos, sendo de balde para os/as menores de 8 anos.

12.- TOMA DE RAZÓN DA TRANSMISIÓN DO DEREITO DE COBRO DE CONTRATISTA FRONTE AO CONCELLO

De conformidade co establecido no artigo 200 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, acorda tomar coñecemento da transmisión do dereito de cobro notificada con data 03/11/26 (RE-E núm. 724), cos seguintes datos:

Cedente

SOCIEDADE: NATURE INFRAESTRUCTURAS Y SERVICIOS S.L.

CIF: [redacted]

Cesionaria

SOCIEDADE: BORROX FINANCE S.L.

CIF: [redacted]

Obxecto da cesión

NÚMERO DE FACTURA: 26/120 (FACe)

DATA DE EXPEDICIÓN: 30/10/26

IMPORTE: Corenta e tres mil trescentos oitenta e cinco euros con setenta e dous céntimos (43.385,72 €), IVE incluído.

CONCEPTO: Certificación núm. 5 da obra de *"Construción de pista de pádel exterior e elemento de cubrición – Lote 2"*.

Casa do Concello
Praza da Fonte nº 2
36530 Rodeiro (Pontevedra)
Tels. 986 790 009 // 986 790 185
Fax 986 790 195
www.rodeiro.org // info@rodeiro.org

13.- FACTURAS E PAGOS

Por unanimidade dos/as membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

- TELEFÓNICA MÓVILES ESPAÑA S.A.U. 141,57 €

  Por consumos das liñas de telefonía móbil do Concello, s/facturas núm. 28-K6DD-046301, 28-K6DD-047057 e 28-K6M0-006510 (FACe).

- SOCIEDAD ESTATAL CORREOS Y TELÉGRAFOS S.A., S.M.E. 318,09 €

  Por franqueo de correspondencia oficial do Concello e Xulgado de Paz no mes de outubro de 2026, s/facturas núm. 4004839145 e 4004855925 (FACe).

- MAPFRE ESPAÑA S.A. 631,31 €

  Por seguro semestral de vehículo municipal, s/factura núm. 75202619900020007941 (FACe).

- SDA EUROPE S.L.U. 124,99 €

  Por adquisición de radiador para as oficinas da Casa do Concello, s/factura núm. 6580866465.

- V. CALVIÑO ASESORES S.L. 708,66 €

  Por traballos de asesoría laboral e de seguridade social, s/factura núm. 1919 (FACe).

- ASOCIACIÓN CULTURAL E DEPORTIVA IMAXINARIUM 3.080,00 €

  Por desenvolvemento do programa *"Concilia en período lectivo 2026"* no mes de outubro de 2026, s/factura núm. 0926/0000005 (FACe).

- SPACE MARKET S.L. 200,81 €

  Por adquisición de roupa para os berces do Punto de Atención á Infancia (PAI), s/factura núm. FS26-MC-00001.

Casa do Concello
Praza da Fonte nº 2
36530 Rodeiro (Pontevedra)
Tels. 986 790 009 // 986 790 185
Fax 986 790 195
www.rodeiro.org // info@rodeiro.org

- CONSULTORÍA Y DISEÑO DE INFRAESTRUCTURAS CIVILES S.L. 3.137,80 €

  Honorarios por dirección facultativa e coordinación de seguridade e saúde da obra de *"Pavimentación de camiño municipal en Pedroso-Gurgueiro. Concellos de Rodeiro e Agolada"*, s/factura núm. 2026/80 (FACe).

  Obradoiro dual de emprego *"Terras de Camba II"*

- NORTHGATE ESPAÑA RENTING FLEXIBLE S.A. 1.596,96 €

  Por contrato de aluguer de furgonetas de transporte no mes de outubro de 2026, s/factura núm. A2627144003.

- GSI DOTACIÓN INDUSTRIAL S.L. 142,90 €

  Por subministro de vestiario de traballo, s/factura núm. FAC/19629.

- MAXIDEZA S.L. 105,16 €

  Por subministro de materiais, s/factura núm. 2026 A 005019 (FACe).

- V. CALVIÑO ASESORES S.L. 246,84 €

  Por traballos de asesoría laboral e de seguridade social no mes de setembro de 2026, s/factura núm. 2055 (FACe).

- FERRODEIRO S.L. 275,10 €

  Por subministro de materiais de ferraxería, s/factura núm. VG/26-002148.

- AMADEO GONZÁLEZ CUÑARRO 233,14 €

  Por subministro de diverso material de papelería, s/factura núm. A/2601141 (FACe).

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por rematada a sesión, sendo as once horas trinta e cinco minutos, que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,
(sinatura dixital)

O alcalde,
(sinatura dixital)